

Os dereitos de autor

protexen o traballo creativo



Que son os dereitos de autor?

- A protección do traballo creativo
- O dereito concedido pola lei á persoa que creou unha obra.
- Os dereitos de autor outorgan ao autor o dereito a decidir como se pode utilizar o seu traballo.
- Os dereitos de autor permiten que os autores de traballos creativos poidan recibir unha remuneración polo seu traballo.

– Unha obra non se crea sen un autor:

Un libro sen un escritor, unha película sen un director, a música sen un compositor.



Que é unha obra?

- O resultado dun traballo creativo
- Por exemplo:
 - Un libro
 - Un debuxo
 - Unha película
 - Unha composición
 - Un cadro
 - Un mapa
 - Unha escultura
 - Un cómic
 - Unha obra fotográfica
 - Unha obra de teatro
 - Un espectáculo de danza
 - Un libro de texto



Quen é o autor?

- A persoa que creou a obra.
- Por exemplo:
 - Un escritor
 - Un poeta
 - Un compositor
 - Un letrista
 - Un ilustrador
 - Un artista plástico
 - Un director de cine
 - Un guionista
 - Un fotógrafo
 - Un artista escénico



Que protexen os dereitos de autor?

- As creacións orixinais
- Son orixinais as obras froito do esforzo intelectual dun autor, manifestadas en decisións libres e creativas.
- Os dereitos de autor NON protexen
 - Ideas
 - Principios
 - Datas, datos
 - Teorías
 - Meras informacións de acontecementos e sucesos
- As ideas, teorías, conceptos, meras informacións de sucesos ou acontecementos poden usarse libremente sempre que as describas, narres ou contes coas túas propias palabras.



Que significan os dereitos de autor?

- O autor pode decidir como pode usarse a obra que fixo.
- Por exemplo:
 - Se se pode publicar un escrito, unha foto ou un vídeo
 - Se se imprime un libro dun escrito
 - Se se fai unha película dun libro



Para usar unha obra, precísase o permiso do autor.
Como autor, ti decides!


Durante canto tempo están vixentes os dereitos de autor?

- Os dereitos de autor son válidos durante a vida do autor + 70 anos desde o ano do seu falecemento.
- O prazo de vixencia das meras fotografías (aquelas que non reúnen o grao de orixinalidade suficiente para ser consideradas obras fotográficas) é de 25 anos desde que se realizaron.
 - As obras fotográficas (as que reúnen o grao de orixinalidade suficiente) protéxense como calquera obra orixinal, durante toda a vida do autor e 70 anos tras a súa morte.



Como obteño os dereitos de autor?

- Os dereitos de autor obtéñense automaticamente polo simple feito da súa creación
- Os dereitos de autor non esixen o rexistro nin o uso do símbolo ©.
- Para estar protexida polos dereitos de autor, a obra debe ser orixinal e reflectir a contribución persoal do seu autor.
- Os estudantes tamén teñen dereitos de autor polos seus traballos orixinais.



Como autor, ti decides como se usan os teus traballos.